

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMCE

[a]pinguela
I E S

CURSO ACADÉMICO: 2022 - 2023
GRUPO: 2º ESO
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS
MATERIA: Matemáticas

Contido

1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	2
A. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	2
B. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	2
2. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2020-2021	4
3. OBXECTIVOS (adaptados ó contexto do centro e do alumnado)	4
4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	6
5. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	9
6. METODOLOXÍA	15
A. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS	15
a) Presencial	15
b) Semipresencial	15
c) Non presencial	15
B. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS (agrupamentos, tempos, espazos, material e recursos didácticos)	15
MAT 2 Matemáticas	15
Libro 1, 2 y 3. (Aula 3D)	15
7. AVALIACIÓN	16
<i>SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN</i>	17
8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	22
A. MECANISMO DE REVISIÓN	22
B. MECANISMO AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	22
C. OBSERVACIÓNS	23
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO	24

1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

A. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

a. Situación e centros adscritos: o noso instituto atópase na cidade de Monforte de Lemos, no interior da provincia de Lugo, recibindo alumnado non só do núcleo urbano senón tamén da zona rural, especialmente dos concellos de Sober e Pantón (onde se atopan os dous únicos colexios adscritos ó noso instituto), en moitas ocasións integrados en familias deprimidas economicamente.

b. Características singulares:

B. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

a. Lingua materna dominante:

A lingua dominante do alumnado que provén do rural é o galego sen embargo o alumnado que vive na zona urbana emprega maioritariamente o castelán.

b. Problemas sociais destacados (abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, etc.):

Se ben o número de inmigrantes nos grupos é baixo, nos últimos anos estamos a notar un progresivo aumento de alumnado inmigrante en idade de ensinanza obrigatoria (e incluso en FP Básica e ciclos) que se incorpora as aulas, procedente dos países do Leste de Europa y Centro América, normalmente con grandes dificultades de aprendizaxe e por debaixo do nivel que lle correspondería pola súa idade.

c. Outras características:

2. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2022-2023

Non procede.

3. OBXECTIVOS (adaptados ó contexto do centro e do alumnado)

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófono.

4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas avaliación
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Nº sesións	
1º, 2º e 3º	0	B1	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas	Todos os temas	Todo o curso	Todo o curso	
		B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.				
		B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.				
		B 1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.				
		B 1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.				
		B 1.5	Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.				
		B 1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.				
		B 1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e a organización de datos.				

			<ul style="list-style-type: none"> – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 				
		B2	Bloque 2. Números e álgebra				
1º AVAL	1	B2.1	Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos	Tema 1	Setembro	5	X
		B2.8	Xerarquía das operacións.	Tema 1	Setembro	5	
		B2.9	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	Temas 1 e 2	Setembro	1	
		B 2.2	Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.	Tema 2	Setembro. outubro	6	
		B2.3	Números decimais: representación, ordenación e operacións.	Tema 2	Outubro	4	
		B2.4	Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.	Tema 2	Outubro	4	
	2	B2.5	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.	Tema 3	Outubro	3	
		B2.6	Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.	Tema 3	Outubro	3	
		B2.7	Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.	Tema 3	Outubro - Novembro	6	
	3	B2.10	Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.	Tema 7	Novembro	6	
		B2.11	Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.	Tema 7	Novembro	6	

		B2.12	Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Reparticións directa e inversamente proporcionais	Tema 7	Novembro - Decembro	8		
2º AVAL		B2	Bloque 2. Números e álgebra					
	4	B2.13	Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.	Tema 4	Xaneiro	3		
		B2.14	Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo (números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.).	Tema 4	Xaneiro	3		
		B2.15	Linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.	Tema 4	Xaneiro	5		
		B2.16	Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Transformación e equivalencias. Identidades. Operacións con polinomios en casos sinxelos	Tema 4	Xaneiro	5		
		B2.17	Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.	Tema 5	Xaneiro- Febreiro	8		
		B2.18	Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos de resolución e método gráfico. Resolución de problemas	Tema 6	Febreiro	9		
	5	B4	Bloque 4. Funcións					
		B4.1	Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e discontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.	Tema 11	Marzo	10		
		B4.2	Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.	Tema 11	Marzo	10		
B4.4		Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.	Tema 11	Marzo	3			
		B3	Bloque 3. Xeometría.					
	6	B3.1	Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións.	Tema 8	Abril	5		
		B3.2	Semellanza: figuras semellantes. Criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos	Tema 8	Abril	5		

3º AVAL			semellantes.				X
		B3.3	Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos; clasificación. Áreas e volumes.	Tema 9 e 10	Abril-maio	8	
		B5	Bloque 5. Estatística e probabilidade				
	7	B5.1	Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.	Tema 12	Maio	2	
		B5.2	Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.	Tema 12	Maio	2	
		B5.3	Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes	Tema 12	Maio	2	
		B5.4	Medidas de tendencia central.	Tema 12	Maio	1	
		B5.5	Medidas de dispersión.	Tema 12	Maio	1	
		B5.6	Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.	Tema 12	Maio	4	
		B5.7	Fenómenos deterministas e aleatorios.	Tema 13	Maio	1	
		B5.8	Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.	Tema 13	Maio	1	
		B5.9	Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.	Tema 13	Maio	2	
		B5.10	Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.	Tema 13	Xuño	1	
	B5.11	Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.	Tema 13	Xuño	2		
B5.12	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.	Tema 13	Xuño	2			

5. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

1ª 2ª e 3ª Aval.	Estándares de aprendizaxe avaliados/indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación	Temas transversais
------------------	--	---	--------------------

Unidade Didáctica	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificac.	Instrumentos							Temas transversais					
								Prob Escr.	Pro oral	Trabi ndv	Trab grupo	Cad Clase	Rúb	Obse rv.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
0	B1.1	B1.1	MAB1.1.1	CCL CMCCT	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	50%	10%	100%												
	B1.2	B1.2	MAB1.2.1	CMCCT	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	50%		100%												
	B1.3		MAB1.2.2	CMCCT	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	50%		100%												
			MAB1.2.3	CMCCT	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	50%		100%												
			MAB1.2.4	CMCCT CAA	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	50%		100%												
	B1.2	B1.3	MAB1.3.1	CMCCT CCEC	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	50%		100%												
	B1.4		MAB1.3.2	CMCCT	Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade.	50%		100%												
	B1.3	B1.4	MAB1.4.1	CMCCT	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	50%		100%												
			MAB1.4.2	CMCCT CAA	Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	50%		100%												
	B1.4	B1.5	MAB1.5.1	CCL CMCCT	Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.	50%		100%												
	B1.5	B1.6	MAB1.6.1	CMCCT CSC	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	50%		100%												
			MAB1.6.2	CMCCT CSIIE	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	50%		100%												
			MAB1.6.3	CMCCT	Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	50%		100%												
			MAB1.6.4	CMCCT	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	50%		100%												
			MAB1.6.5	CMCCT	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a	50%		100%												

Unidade Didáctica	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos							Temas transversais											
								Prob Escr.	Pro oral	Trabi ndv	Trab grupo	Cad Clase	Rúb	Obse rv.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
					adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.																					
	B1.5	B1.7	MAP1.7.1	CMCCT CAA CSC	Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	50%																				
	B1.5	B1.8	MAB1.8.1	CMCCT CSIEE CSC	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	50%																				
			MAB1.8.2	CMCCT	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	50%																				
			MAB1.8.3	CMCCT	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	50%																				
			MAB1.8.4	CMCCT CAA CCEC	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	50%																				
			MAB1.8.5	CSIEE CSC	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	50%																				
	B1.6	B1.9	MAB1.9.1	CMCCT CSIEE	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	50%																				
	B1.6	B1.10	MAB1.10.1	CMCCT CAA	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	50%																				
	B1.7	B1.11	MAB1.11.1	CMCCT CD	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	50%																				
			MAB1.11.2	CMCCT	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	50%																				
			MAB1.11.3	CMCCT	Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	50%																				
			MAB1.11.4	CMCCT	Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	50%																				
			MAB1.11.5	CMCCT	Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións.	50%																				
	B1.7	B1.12	MAB1.12.1	CCL CD	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	50%																				
			MAB1.12.2	CCL	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	50%																				
			MAB1.12.3	CD CAA	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e	50%																				

Unidade Didáctica	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos							Temas transversais												
								Prob Escr.	Pro oral	Trabi ndv	Trab grupo	Cad Clase	Rúb	Obse rv.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV						
			MAPB1.12.4	CD CSC CSIEE	establecendo pautas de mellora. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	50%		100%																			
1ª EVALUACIÓN																											
1 e 2	B2.1 B2.2 B2.3 B2.4 B2.5 B2.6 B2.7 B2.8 B2.9	B2.1	MAB2.1.1.	CMCCT	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	50%	50%	90%	10%																		
			MAB2.1.2.	CMCCT	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións selementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	50%		90%	10%																		
			MAB2.1.3.	CMCCT	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	50%		90%	10%																		
	B2.1 B2.2 B2.3 B2.4 B2.5 B2.6 B2.7 B2.8 B2.9	B2.2	MAB2.2.1	CMCCT	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	50%		50%	90%	10%																	
			MAB2.2.2.	CMCCT	Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.	50%			90%	10%																	
			MAB2.2.3.	CMCCT	Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplícao problemas contextualizados.	50%			90%	10%																	
	B2.8 B2.9	B2.3	MAB2.3.1.	CMCCT	Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	50%			50%	90%	10%																
	B2.9	B2.4	MAB2.4.1.	CMCCT	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	50%				90%	10%																
			MAB2.4.2.	CMCCT	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	50%				90%	10%																
3	B2.10 B2.11 B2.12	B25	MAB2.5.1	CMCCT	Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiáns.	50%	40%			90%	10%																
			MAB2.5.2	CMCCT	Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.	50%				90%	10%																
2ª EVALUACIÓN																											
4	B2.13 B2.14 B2.15 B2.16	B2.6	MAB2.6.1	CMCCT	Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.	50%	20%	90%		10%																	
			MAB2.6.2	CMCCT	Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe	50%		90%		10%																	

Unidade Didáctica	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos							Temas transversais					
								Prob. Escr.	Pro oral	Trabi ndv	Trab grupo	Cad Clase	Rúb	Obse rv.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
			MAB2.6.3	CMCCT	Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas.	50%	30%	90%	10%											
			B2.17 B2.18	MAB2.7.1	CMCCT	Comproba, dada unha ecuación (ou un sistema), se un número ou uns números é ou son solución desta.		50%	90%	10%										
				MAB2.7.2	CMCCT	Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.		50%	90%	10%										
5	B4.1	B4.1	MAB4.1.1	CMCCT	Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras, e elixe a máis adecuada en función do contexto.	50%	40%	90%	10%											
	B4.1	B4.2	MAB4.2.1	CMCCT	Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.	50%		90%	10%											
			MAB4.2.2	CMCCT	Interpreta unha gráfica e analiza, recoñecendo as súas propiedades máis características.	50%		90%	10%											
	B4.2 B4.4	B4.3	MAB4.3.1	CMCCT	Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.	50%		90%	10%											
			MAB4.3.2	CMCCT	Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.	50%		90%	10%											
			MAB4.3.3	CMCCT	Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes, e represéntaa.	50%		90%	10%											
			MAB4.3.4	CMCCT	Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afín) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento.	50%	90%	10%												
3ª EVALUACIÓN																				
6	B3.1	B3.1	MAB3.1.1	CMCCT	Comprende os significados aritmético e xeométrico do teorema de Pitágoras e utilízalos para a procura de ternas pitagóricas ou a comprobación do teorema, construindo outros polígonos sobre os lados do triángulo rectángulo	50%	30%	90%	10%											
			MAB3.1.2	CMCCT	Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais	50%		90%	10%											
	B3.2	B3.2	MAB3.2.1	CMCCT	Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficies e volumes de figuras semellantes.	50%		90%	10%											
			MAB3.2.2	CMCCT	Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza.	50%		90%	10%											
	B3.3	B3.3	MAB3.3.1	CMCCT	Analiza e identifica as características de corpos xeométricos utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.	50%		90%	10%											
			MAB3.3.2	CMCCT	Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados.	50%		90%	10%											
			MAB3.3.3	CMCCT	Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente.	50%		90%	10%											
B3.4 B3.5	B3.4	MAB3.4.1	CMCCT	Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.	50%	90%	10%													
7	B5.1 B5.2	B5.1	MAB5.1.1	CMCCT	Organiza datos, obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias	50%	30%	90%	10%											

Unidade Didáctica	Identific. contidos	Identific. criterios	Identific. Estándar	Compet. clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso cualificuac.	Instrumentos							Temas transversais											
								Prob. Escr.	Pro. oral	Trabi. ndv	Trab. grupo	Cad. Clase	Rúb.	Obse. rv.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
B5.3 B5.4 B5.5			MAB5.1.2	CMCCT	absolutas, relativas, e acumuladas, e represéntaos graficamente. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano), a moda (intervalo modal), o rango e os cuartís, elixe o máis axeitado, e emprégao para interpretar un conxunto de datos e para resolver problemas.	50%	30%																			
			MAB5.1.3	CMCCT	Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.	50%		90%																		
			MAB5.2.1	CMCCT	Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central, o rango e os cuartís.	50%		90%																		
B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6	B5.2		MAB5.2.2	CMCCT	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.	50%																				
			MAB5.3.1	CMCTT	Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas	50%		90%																		
B5.7 B5.8 B5.9	B5.3		MAB5.3.2	CMCTT	Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación	50%																				
			MAB5.3.3	CMCTT	Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.	50%		90%																		
B5.10 B5.11 B5.12	B5.4		MAB5.4.1	CMCTT	Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.	50%																				
			MAB5.4.2	CMCTT	Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.	50%		90%																		
			MAB5.4.3	CMCTT	Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe	50%	90%																			

TEMAS TRANSVERSAIS

Estes temas traballaranse ao longo do curso a través de:

- A lectura comprensiva de problemas e lecturas relacionadas coas matemáticas.
- A corrección da linguaxe, tanto oral como escrita, canto realizan actividades, razoamentos, preguntan dúbidas, expoñen ideas,...
- O emprego de recursos tecnolóxicos como a calculadora, o ordenador, a pizarra dixital, o libro dixital, páxinas web, programas como wiris, graph, geogebra,...
- A realización de actividades que lles permita afianzar a autoestima, a autonomía, a iniciativa, o sentido crítico, a creatividade,...
- O respecto ás opinións de tódolos/as compañeiros/as, evitando todo tipo de discriminación por razóns de xénero, discapacidade ou calquera condición persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos, rexeitando calquera tipo de violencia.
- O contexto do que se extraen os enunciados dos problemas (accidentes de tráfico, a reciclaxe, incendios forestais, o tabaquismo, hábitos saudables, vítimas de violencia de xénero,...)

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Competencia lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS:

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxía da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

6. METODOLOXÍA

A. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Débense contemplar os tres escenarios posibles.

a) Presencial

1.-ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Os principios de intervención educativa, derivados da teoría da aprendizaxe significativa podense resumir nos seguintes aspectos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente xiran en torno a unha regra básica: a necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas e funcionais.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unha serie de condicións:

- O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que concirne á estrutura psicolóxica do alumnado.
- O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil.
- Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.
- Os alumnos e as alumnas deben ter unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contidos novos con aqueles que adquiriron previamente.
- As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ao mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.
- É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.
- O profesorado adicará as primeiras sesións de cada bloque de contidos a repasar as aprendizaxes imprescindibles do curso 2020-2021 dese bloque.

b) Semipresencial

No centro adoptáronse as medidas para optar polo ensino presencial. O suposto que se contempla é que parte do alumnado non poda asistir a clases por estar confinado. O procedemento a seguir con este alumnado é o mesmo que no suposto de clases non presenciais.

c) Non presencial

Co alumnado que non poda asistir ao centro por estar confinado o ensino será non presencial. O procedemento será o seguinte. O profesor indicará na aula virtual e/ou por correo electrónico as actividades a realizar, explicacións de contidos, correccións de exercicios,... Tamén será a canle de contacto para resolver dúbidas e planificar videoconferencias.

No caso de alumnado que non dispoña de medios telemáticos a información se lle comunicará por correo postal

B. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS (agrupamentos, tempos, espazos, material e recursos didácticos)

2.-OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS (agrupamentos, tempos, espazos, material e recursos didácticos)

Os materiais e recursos didácticos que se empregarán ao longo do curso son:

- Libro de texto para o alumno:

LIBRO DE TEXTO	Título do libro	MAT 2 Matemáticas Libro 1, 2 y 3. (Aula 3D)
	Editorial	Vicens Vives
	Autor	L. Pancorbo y G. Ruiz
	Data autorización	2015
	ISBN	978-84-682-3572-1

Este libro potencia, de forma especial, as claves da competencia matemática, co que facilita a aplicación dos procesos matemáticos a situacións cotiás e o coñecemento de procesos de pensamento, co obxectivo de xerar aprendizaxes e razoar.

- Libro dixital: con actividades autocorrectivas para que o alumnado poda resolver individualmente e logo comprobar se as solucións son correctas, con enlaces a videos e páxinas web que reforzan e amplian contidos traballados nas distintas unidades...
- Paxinas web: é unha ferramenta que permite traballar, de modo diferente do proposto no libro do alumno, algúns dos contidos do curso. Constitúe un elemento eficaz para fomentar o traballo autónomo, afianzar o uso das novas tecnoloxías e consolidar o interese por aprender a aprender.
Utilízase para traballar diversas competencias; entre elas, o desenvolvemento da competencia dixital, fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Libros de texto para o profesor (que seguirá o libro de texto dos alumnos, pero consultará ademais outros do departamento).
- Calculadora. Merece unha mención especial, pola súa gran utilidade e proximidade ao alumnado. Aproveitaranse estas circunstancias para promover un uso adecuado, racional, crítico e non indiscriminado, da calculadora, que non provoque carencias na capacidade e o hábito de cálculo, tanto mental como manual, dos alumnos.
- Ordenador.
- Pizarra dixital.
- Edixgal
- Pizarra.
- Instrumentos de medida e debuxo.
- Figuras xeométricas.
- Xogos didácticos.
- Materiais cotiás como recibos e prensa.
- Moedas, dados, cartas, etc.

7. AVALIACIÓN

A. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

a. Data de realización.

Durante os 10 primeiros días do curso o profesor fará unha proba inicial.

b. En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc. Relacionados cos estándares?)

A proba inicial consistirá en preguntas ou cuestións teóricas, e resolución de exercicios e problemas relacionados cos estándares dos cursos anteriores.

c. Como se informará ás familias?

Nas guías de familias que se entrega na recepción de pais de principio de curso informárase das datas de avaliación inicial e a través dos titores poden coñecer en detalle o resultado da mesma.

d. Cales serán as consecuencias dos resultados?

O resultado acadado na avaliación inicial non terá valor na cualificación da avaliación. So servirá ao profesorado para medir o nivel co que parte o alumnado e poder adaptar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

B. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (só en 2º de BAC, se procede)

a. Qué procedemento se seguirá? (marcar cunha cruz)

Matrícula como pendente	<input type="checkbox"/>
Proba	<input type="checkbox"/>

b. De optar por PROBA:

i. Que tipo de proba?

ii. Como se avaliará?

C. PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

a. Con que temporalización se farán probas escritas?

Farase sempre un exame de avaliación sobre os estándares traballados durante ese trimestre. Tamén pode facerse algún control ou traballo tanto individual como en grupo.

b. Como se cualificarán as probas, traballos individuais ou colectivos, traballos no caderno, observación. Ponderación, redondeo,...

Farase sempre un exame de avaliación. E no caso de facer algún control ou traballo, realizarase a media ponderada, contando o exame correspondente á avaliación o 70 % desta nota. A nota obtida terá un valor do **90 %** da nota trimestral.

O **10 %** restante correspóndelle a actitude e ao traballo diario.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- EXAMES E CONTROIS:

Consistiran en preguntas ou cuestións teóricas, e resolución de exercicios e problemas.

Estas probas puntuaranse sobre 9.

- ACTITUDE E TRABALLO DIARIO

O profesor/ profesora observará ao longo do curso os seguintes elementos en cada alumno/a:

- A puntualidade.
- A atención prestada nas clases: Seguir as explicacións, gardar silencio cando alguén fala, non molestar aos compañeiros, tomar anotacións, ...
- A participación activa nas clases: Preguntar cando ten dúbidas, saír a pizarra, responder ás preguntas que se formulan, colaborar cos compañeiros, ...
- A realización das actividades pedidas na aula ou fora da mesma.
- Traer o material necesario para seguir a clase e realizar un uso axeitado dos recursos.
- O caderno de clase: Está completo, ben organizado, limpo, coida a ortografía, contén esquemas e debuxos, inclúe correccións e aclaracións, ...

que serán avaliados mediante a seguinte rúbrica ao final de cada avaliación para elaborar a nota actitudinal, que puntúa sobre 1 punto.

NOME: AVALIACIÓN			
	Sempre 3	Frecuentemente 2	As veces 1	Nunca 0
Asiste a clase con puntualidade				
Presta atención en clases: Segue as explicacións, garda silencio cando alguén fala, non molesta aos compañeiros, toma anotacións, ...				
Participa activamente nas clases: Pregunta cando ten dúbidas, sae a pizarra, responde ás preguntas que se formulan, colabora cos compañeiros, ...				
Realiza as actividades pedidas na aula.				
Realiza as actividades pedidas fora da aula.				
Trae o material necesario para seguir a clase e realiza un uso axeitado dos recursos.				
O caderno de clase: Está completo, ben organizado, limpo, coida a ortografía, contén esquemas e debuxos, inclúe correccións e aclaracións, ...				

NOTA: Cada apercibimento conleva restar 0,5 puntos na nota actitudinal desa avaliación.

Se durante un exame se observa que un alumno copia ou que está usando o teléfono móbil, terá un cero como nota de dito exame

c. Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,...

Farase sempre un exame de avaliación. E no caso de facer algún control ou traballo, realizarase a media ponderada, contando o exame correspondente á avaliación o 70 % desta nota. A nota obtida terá un valor do **90 %** da nota trimestral.

O **10 %** restante correspóndelle a actitude e ao traballo diario.

A nota que figurará no boletín de notas en cada avaliación será a parte enteira da nota da avaliación obtida co procedemento anterior.

De non poder realizar un alumno/a algunha das probas escritas dunha avaliación por estar confinado/a, a nota trimestral se lle calculará empregando o resto de cualificacións obtidas nas probas realizadas polo/a alumno/a nesa avaliación. Esta nota trimestral, será provisional e non se terá en conta para o cálculo da nota final. Será substituída pola nota obtida co procedemento descrito no parágrafo anterior, unha vez o/a alumno/a teña realizadas todas as probas da correspondente avaliación.

d. Que aspectos se van valorar dentro da observación do traballo de aula?

- A puntualidade.
- A atención prestada nas clases: Seguir as explicacións, gardar silencio cando alguén fala, non molestar aos compañeiros, tomar anotacións, ...
- A participación activa nas clases: Preguntar cando ten dúbidas, saír a pizarra, responder ás preguntas que se formulan, colaborar cos compañeiros, ...
- A realización das actividades pedidas na aula ou fora da mesma.
- Traer o material necesario para seguir a clase e realizar un uso axeitado dos recursos.
- O caderno de clase: Está completo, ben organizado, limpo, coida a ortografía, contén esquemas e debuxos, inclúe correccións e aclaracións, ...

e. Como se recupera unha proba non superada?

Non se fará recuperación de probas.

f. Cómo se recupera unha avaliación non superada?

Tódolos/as alumnos/as cuxa nota da avaliación, sexa inferior a 5 poderán facer un exame de recuperación sobre 9 puntos, baseado nos estándares traballados na correspondente avaliación. O outro é o que xa obtiveran pola actitude e o traballo diario na avaliación.

Aqueles alumnos que teñan aprobada a avaliación poderán, se o desexan, presentarse ó exame de recuperación para subir nota. Poderán decidir se entregan ou non o exame, pero no caso de que o entreguen, a nota de dito exame será a que se lle terá en conta, aínda que sexa inferior á que xa tiñan previamente, coa excepción de que se un alumno coa nota obtida neste exame pasase a ter suspensa a avaliación, conservaráselle como nota final da avaliación un 5.

Realizarase unha recuperación da 1ª avaliación e outra da 2ª

D. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL

a. Quen debe ir á avaliación final?

Despois de térense en conta as recuperacións, de ser o caso, da 1ª e da 2ª Avaliacións, e levada a cabo a 3ª Avaliación, o/a alumno/a terá a materia aprobada se se atopa nun dos seguintes supostos:

- Ter as 3 Avaliacións aprobadas.
- Ter 2 Avaliacións aprobadas e unha non aprobada, cunha cualificación non inferior a 3, sempre que a suma das

cualificacións das 3 Avaliacións sexa non inferior a 15 puntos.

Se non está en ningún dos supostos anteriores concorrerá a unha proba escrita de recuperación final, na que se avaliarán os estándares traballados na/s Avaliación/s que non teña superado.

Aqueles/as alumnos/as que teñan aprobada a materia, segundo o criterio exposto anteriormente, poderán, se o desexan, presentarse a dita proba de recuperación final para mellorar a cualificación global da materia, ás Avaliacións que queiran, informando ao profesorado con 5 días de antelación a data establecida para a mesma. Estarán no uso de decidir se entregan ou non a proba, mais, no caso de facelo, a cualificación da mesma será a que se lle terá en conta para a correspondente/s Avaliación/s ás que se presente, aínda que sexa inferior á que xa tiñan previamente, coas consideracións seguintes:

- De estar no suposto 1. (as 3 Avaliacións aprobadas), preservarase sempre o 5 como cualificación mínima en cada Avaliación á que se presente/n.

De atoparse no suposto 2., preservarase o aprobado. De obter unha puntuación inferior a 3 puntos na Avaliación non aprobada, independentemente das obtida/s na/s restante/s á/s que se presente, a cualificación será de 5 na Avaliación Final

b. En que consistirá a proba?

Na recuperación final o alumnado examínase só dos estándares impartidos nas avaliacións que non teña superado, cun exame sobre 9 puntos, valorando o outro punto como a media das notas da actitude e traballo diario destas avaliacións.

c. Que estándares se van a avaliar? Avaliación pendentes, todos,...

Só se deberá examinar dos estándares correspondentes ás avaliacións suspensas.

d. Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, ...?

d.1) Obterase unha nota do seguinte xeito:

- Alumnado que non fixo a recuperación final: media aritmética da notas das tres avaliacións.
- Alumnado que fixo a recuperación final:
 - Se se presentou cunha soa avaliación, aproba a materia se obtén en dita avaliación unha nota non inferior a 3 (tendo en conta o traballo e a actitude de dita avaliación) e a suma das notas das tres avaliacións é non inferior a 15 puntos. Noutro caso suspende a materia.
 - Se se presentou con máis dunha avaliación aproba a materia se obtén na recuperación final unha nota non inferior a 5 puntos (tendo en conta o traballo e a actitude das avaliacións ás que se presentou). Noutro caso suspende a materia.

Quen non consiga aprobar a materia segundo os criterios anteriores terá no boletín unha puntuación máxima de 4 puntos.

A nota obtida neste apartado polo alumnado que aprobe a materia despois de asistir á recuperación final será a media aritmética das notas das tres avaliacións, facendo a media ponderada no caso dos/as alumnos/as que se examinaron no final de máis dunha avaliación.

A nota dos alumnos que se presenten a subir nota ó exame de recuperación obterase da forma exposta nos parágrafos anteriores, sempre que deste xeito manteñan como mínimo unha cualificación de aprobado. De non conseguir manter o aprobado, a súa nota obteríase segundo consta no apartado a.

d.2) Todo aquel alumno que non consiga aprobar segundo o exposto no apartado d.1 terá no boletín unha cualificación máxima de 4 puntos.

A nota final que figurará no boletín dos alumnos que teñan aprobada a materia obterase redondeando a nota do apartado d.1

O alumnado coa cualificación final maior ou igual que 5 que participe en actividades complementarias ou concursos matemáticos, como olimpíadas, Estalmat, etc. poderá levar como máximo 0,5 puntos extra que se lle sumarán a cualificación.

e. Que criterios segue o centro para a promoción?

Os establecidos na vixente lexislación.

E. PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

a. Como se fai o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

O seguimento do alumnado coa materia pendente será levado por parte do profesor que lle imparta a materia ese curso, que ademais lle informará do procedemento para superar a materia, a principios de curso.

Entregaráselle un boletín con exercicios de repaso no primeiro trimestre e outro no segundo, que deberán ser resoltos polo alumno, e devoltos ó profesor na data prevista para a súa corrección. Antes da realización da 1ª avaliación farase un exame cos estándares traballados no 1º boletín, e antes da realización da 2ª avaliación farase outro exame cos estándares traballados no 2º boletín.

b. Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Cada un dos boletíns de exercicios puntuará sobre 2 puntos, e cada exame sobre 8 puntos.

Farase a nota media dos dous exames, á cal se lle sumará a media das notas dos boletíns. Se o resultado é superior a 4,5 puntos o alumno terá a materia aprobada. En caso contrario deberá realizar un exame sobre 8 puntos na data fixada pola xefatura de estudos, no cal deberá repetir a materia dos exames nos que obtivera unha puntuación inferior a 4.

c. Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?

- Se o resultado de sumar a media dos dous exames parciais e a nota media dos boletíns é superior a 4,5 puntos, a cualificación final será o valor obtido ó redondear dito resultado.
- No caso de facer o exame final de maio:
 - ◆ Se o fai de toda a materia, a cualificación final será o resultado de redondear o valor obtido ó sumar a nota de dito exame coa nota media dos boletíns.
 - ◆ Se só repite un dos exames, a cualificación final será o resultado de redondear a suma da nota media deste exame e do que xa tiña aprobado coa media dos boletíns.

No caso de que algún alumno non consiga aprobar a materia pendente pero aprrobe a materia do curso superior terá unha cualificación de 5 na materia pendente.

F. OUTRAS AVALIACIÓNS:

Tras cada avaliación farase unha análise do proceso de ensino e da práctica docente que quedará recollido en.....

Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A. MECANISMO DE REVISIÓN

a. Con que periodicidade se revisará?

Farase unha revisión anual.

b. Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Valorarase a posibilidade de modificar aqueles aspectos nos que o desfase sexa relevante.

B. MECANISMO AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				

15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

C. OBSERVACIÓNS

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO

MEDIDAS ORDINARIAS	
ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>Respectarase na medida do posible o ritmo de aprendizaxe persoal de cada alumno, para que todos se atopen activos e motivados.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>Un alumno neste curso acude dous días á semana ó profesor PT.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>Disporemos de material didáctico complementario, tanto de reforzo como de ampliación, para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue consolidar estándares cuxa adquisición por parte dos alumnos supón unha maior dificultade, ampliar e profundar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área, practicar habilidades instrumentais ligadas aos estándares e enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>Non se considera necesario neste curso.</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p>Cando se considera oportuno.</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>Nestes momentos non está contemplado</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p> <p>As que establece o propio centro.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>As propostas de traballo en parellas ou en equipo intencionadamente escollidos son as mellores medidas para prestar atención aos alumnos con necesidades educativas específicas. Deste xeito, os alumnos que teñan máis dificultades en seguir o ritmo poden ser descargados de tarefas que non se consideren básicas sen que por iso deixen de ter o seu traballo e responsabilidade na clase, mentres que os alumnos que progresen máis rapidamente axudarán aos anteriores colaborando así co profesor. Mentres os alumnos realizan as actividades, o profesor pode atender de forma máis personalizada e resolver os problemas dos alumnos con maiores dificultades na aprendizaxe.</p> <p>As actividades educativas que se expoñan deben situarse entre o que xa saben facer os alumnos de xeito autónomo e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros, de tal forma que nin sexan demasiado fáciles e, por conseguinte, pouco motivadoras para algúns alumnos, nin que estean tan afastadas do que poden realizar que lles resulten igualmente desmotivadoras, ademais de contribuír a crear unha sensación de frustración nada favorable para a aprendizaxe.</p> <p>Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axustar o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Isto implica unha dobre esixencia: unha análise dos contidos que se pretenden traballar, determinando cales son fundamentais e cales complementarios ou de ampliación; e ter previsto un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados como fundamentais, con distinto nivel de complexidade, que permita traballar estes mesmos contidos con esixencias distintas. Tamén teremos actividades referidas aos contidos complementarios ou de ampliación para traballalos posteriormente, ou para os alumnos que poden avanzar con rapidez e profundar en contidos mediante un traballo máis autónomo.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>Cando se considere necesario.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>Os alumnos de 1º e 2º de ESO que estean exentos da 2ª lingua estranxeira terán unha hora de reforzo de matemáticas e unha hora de reforzo de lingua castelá á semana. Nestes momentos, en 2º ESO hai 7 alumnos nesta situación. Nos próximos días valorarase a posibilidade de que se incorpore algún alumno máis.</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <hr/>

	<p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p style="text-align: center;">Non</p> <p>6. Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p style="text-align: center;">_____</p>
--	---

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>Nestes momentos en 2º de ESO B hai un alumno con ACI que acude a sesións co profesor PT. Ó longo do mes de outubro valorarase a posibilidade de que algún alumno máis o reciba.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p style="text-align: center;">Non</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p> <p style="text-align: center;">Segundo se recolle no apartado relativo a metodoloxía non presencial.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? Cantas?</p> <p>Nestes momentos en 2º ESO hai un alumno con ACI de terceiro de primaria.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p style="text-align: center;">Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p> <p>No centro dispomos dun modelo que cubre o profesor titular indicándolle ao profesor de reforzo ou apoio que obxectivos debe traballar co alumno/a nun período de tempo sinalado. Ao rematar este período de tempo o profesor de reforzo ou apoio devólvello ao profesor titular indicando que obxectivos foron acadados polo alumno/a.</p>